

# CAMPAMENTOS DE VERÁN ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE | 2024



# O TEU MELLOR VERÁN



XUNTA  
DE GALICIA





XUNTA  
DE GALICIA

### **EDITA:**

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social e Xuventude  
Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade  
2024

### **DESEÑO E MAQUETACIÓN:**

Pablo Gulín Díaz | Empapelarte





INTRODUCCIÓN .....	5
QUEN PODE PARTICIPAR NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE? .....	6
QUE SERVIZOS CHE DAN NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE? .....	8
DATAS, LUGARES E PREZOS DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE .....	9
CAMPAMENTOS PARA PERSOAS DE 11 ANOS ATA 14 ANOS .....	10
CAMPAMENTOS PARA PERSOAS DE 15 ANOS ATA 18 ANOS.....	11
CAMPAMENTOS PARA PERSOAS DE 19 ANOS ATA 25 ANOS.....	12
CAMPAMENTOS PARA PERSOAS DE 26 ANOS ATA 50 ANOS.....	13
CANDO DEBES SOLICITAR OS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE? .....	14
QUE TES QUE FACER PARA SOLICITAR OS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE? .....	15





FICHA DE SOLICITUDE .....	17
INFORME MÉDICO.....	20
ONDE DEBES PRESENTAR OS DOCUMENTOS PARA SOLICITAR OS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?...	21
CALES SON OS DESCONTOS NO PREZO DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE? .....	24
COMO ELIXE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL AS PERSOAS QUE VAN AOS CAMPAMENTOS? .....	26
CALES SON AS OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS QUE PARTICIPAN NOS CAMPAMENTOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?.....	29
CANDO CHE DEVOLVEN OS CARTOS DO CAMPAMENTO?.....	31
ONDE PODES ATOPAR MÁIS INFORMACIÓN SOBRE OS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?...	33





## INTRODUCCIÓN

A Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia oferta **250 prazas** de campamentos de verán para persoas con discapacidade.

Os campamentos de verán para persoas con discapacidade duran **10 días**.

Os **obxectivos** dos campamentos de verán para persoas con discapacidade son:

- » Mellorar as habilidades sociais das persoas con discapacidade.
- » Axudar as persoas con discapacidade a coñecer a cultura galega.
- » Animar as persoas con discapacidade a participar en actividades na natureza e no mar.
- » Mellorar a educación sobre saúde das persoas con discapacidade.



## QUEN PODE PARTICIPAR NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?


Para participar nos campamentos de verán para persoas con discapacidade tes que cumprir os seguintes **requisitos**:

- » Ter un certificado de discapacidade de grao 33% ou máis.
- » Ter 11 anos ou máis.
- » Non pasar dos 50 anos.
- » Estar empadroado nun concello de Galicia.
- » Seguir as normas de convivencia do campamento.
- » Poder comunicarte coas persoas no campamento.





- » Poder participar nas actividades do campamento.
- » Ter unha mobilidade axeitada para poder desprazarte polo lugar solicitado.
- » Non podes ter unha enfermidade que se poida transmitir por contaxio





## QUE SERVIZOS CHE DAN NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

Nos campamentos de verán para persoas con discapacidade danche os seguintes **servizos**:

- » Durmir nun albergue ou nunha residencia.
- » Almorzo, comida, merenda e cea.
- » As actividades do campamento.  
Por exemplo actividades na natureza ou no mar.
- » O material para as actividades do campamento.
- » Primeiros auxilios en caso de accidentes.
- » Un seguro de accidentes.
- » Monitores expertos nas actividades do campamento.





## DATAS, LUGARES E PREZOS DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Nos seguintes cadros podes ver a **información** sobre os campamentos de verán para persoas con discapacidade:

- » A idade das persoas que poden ir a cada campamento.
- » As datas dos campamentos.
- » Os lugares dos campamentos.
- » O albergue ou residencia onde dormes.
- » O prezo do campamento,  
que son os cartos que tes que pagar.



## CAMPAMENTOS PARA PERSOAS DE 11 ANOS ATA 14 ANOS

DATA	LUGAR	ALBERGUE OU RESIDENCIA	NOME DO CAMPAMENTO	PREZO
Do 13 de xullo ao 22 de xullo	O Carballiño Ourense	Residencia de Tempo Libre	"Aventura na natureza"	<b>125 euros</b>
Do 22 de agosto ao 31 de agosto	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>







## CAMPAMENTOS PARA PERSOAS DE 15 ANOS ATA 18 ANOS

DATA	LUGAR	ALBERGUE OU RESIDENCIA	NOME DO CAMPAMENTO	PREZO
Do 22 de agosto ao 31 de agosto	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>
Do 3 do setembro ao 12 de setembro	Nigrán Pontevedra	Residencia de Tempo Libre de Panxón	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>





## CAMPAMENTOS PARA PERSOAS DE 19 ANOS ATA 25 ANOS

DATA	LUGAR	ALBERGUE OU RESIDENCIA	NOME DO CAMPAMENTO	PREZO
Do 2 de xullo ao 11 de xullo	Nigrán Pontevedra	Residencia de Tempo Libre de Panxón	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>
Do 13 de xullo ao 22 de xullo	Carballiño Ourense	Residencia de Tempo Libre	"Aventura na natureza"	<b>125 euros</b>
Do 8 de agosto ao 17 de agosto	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>
Do 5 de setembro ao 14 de setembro	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>





### CAMPAMENTOS PARA PERSOAS DE 26 ANOS ATA 50 ANOS

DATA	LUGAR	ALBERGUE OU RESIDENCIA	NOME DO CAMPAMENTO	PREZO
Do 2 de xullo ao 11 de xullo	Nigrán Pontevedra	Residencia de Tempo Libre de Panxón	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>
Do 2 de xullo ao 11 de xullo	Carballiño Ourense	Residencia de Tempo Libre	"Aventura na natureza"	<b>125 euros</b>
Do 8 de agosto ao 17 de agosto	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>
Do 3 de setembro ao 12 de setembro	Carballiño Ourense	Residencia de Tempo Libre	"Aventura na natureza"	<b>125 euros</b>
Do 3 de setembro ao 12 de setembro	Nigrán Pontevedra	Residencia de Tempo Libre de Panxón	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>
Do 5 de setembro ao 14 de setembro	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	"Natureza xunto ao mar"	<b>125 euros</b>



## CANDO DEBES SOLICITAR OS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

Podes presentar a solicitude  
ata o día **30 de abril de 2024**

Despois do día **30 de abril** non podes solicitar os campamentos.







## QUE TES QUE FACER PARA SOLICITAR OS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

Para solicitar os campamentos  
tes que entregar os seguintes **documentos**:

- » Ficha de solicitude.
- » Informe médico
- » Se a túa familia é unha familia numerosa  
podes entregar a fotocopia do certificado de familia numerosa.
- » Se tes carné xove,  
podes entregar a fotocopia do carné xove.
- » Se a túa familia é unha familia monoparental  
podes entregar a fotocopia do certificado de familia monoparental.



A ficha de solicitude e o informe médico están na páxina web da Consellería de Política Social.

Entra nesta páxina web para cubrir os documentos:



<http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada/campamentos-veran>







CAMPAMENTOS DE VERÁN ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE		SOLICITUDE
<b>DATOS DA PERSOA CON DISCAPACIDADE</b>		
NOIOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI	DATA NACEMENTO	Nº DE TARIETA SANITARIA
DOMICILIO HABITUAL:	CODIGO POSTAL	CONCELLO PROVINCIA
TELEFONO/S	CORREO ELECTRONICO	
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN: O PAI / A MAI <input type="checkbox"/> O/A TITOR/A <input type="checkbox"/> O/A RESPONSABLE DO CENTRO <input type="checkbox"/>		
NOIOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO DNI
<b>DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>		
NOIOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO DNI
DOMICILIO:	CODIGO POSTAL	CONCELLO
TELEFONO/S	CORREO/S ELECTRONICO/S	
<b>DESTINOS E DATAS SOLICITADAS</b>		
1º DESTINO:	DATA:	
2º DESTINO:	DATA:	
<b>DATOS ESPECÍFICOS DA PERSOA CON DISCAPACIDADE</b>		
• Sinalar:		
- A pondeirada de discapacidade que ten recoñecida:		
- Se ten recoñecida axuda de terceira persoa: Non <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> e/ou para mobilidade?: Non <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/>		
- En que ano e localidade se lle efectuaron estes recoñecementos:		
• Indicar:		
- A que tipo de centro asiste habitualmente: escolar <input type="checkbox"/> ocupacional <input type="checkbox"/> residencial <input type="checkbox"/>		
Denominación, localidade e teléfono:		
- Se está interno no centro: Non <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> En caso afirmativo, con que periodicidade vai ao seu domicilio:		
os fins de semana <input type="checkbox"/> cada 15 días <input type="checkbox"/> nas vacacións escolares <input type="checkbox"/> nunca <input type="checkbox"/>		
- Se ten título de familia numerosa: Non <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> e/ou carné <b>3300</b> : Non <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/>		
- Se participou outros anos en campamentos deste tipo organizados pola Xunta de Galicia:		
Non <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> En que destinos e anos		

## FICHA DE SOLICITUDE

Na ficha de solicitude tes que escribir os campamentos que pides.

Tes que escribir o nome do campamentos e a data que pides no apartado que pon:

### DESTINOS E DATAS SOLICITADAS.

Podes pedir 2 campamentos.

Na ficha de solicitude tamén tes que cubrir **información** sobre:

- » Os teus datos persoais, por exemplo o teu nome e apelidos.
- » Os datos persoais do teu titor legal ou representante.
- » A túa discapacidade, por exemplo o grado da túa discapacidade.




Tes que **asinar a ficha** de solicitude.

Se tes **titor legal ou representante**,  
el ten que asinar a ficha de solicitude.

Se tes **menos de 18 anos**,  
os teus titores legais son os teus pais.

**Se estás nun centro**, a persoa responsable do centro  
pode ser o teu representante.

Se tes **máis de 18 anos**,  
un xuíz pode decidir que teñas un titor legal.







Podes **autorizar a Consellería de Política Social e Xuventude** para consultar outros documentos teus na ficha de solicitude.

Autorizar significa que permites á Consellería de Política Social e Xuventude consultar estes **documentos**:

- » O DNI
- » O certificado de discapacidade
- » O certificado de empadramento
- » O documento que demostra que tes un titor legal ou representante, se o tes.

**Se non autorizas** a Consellería de Política Social e Xuventude para consultar estes documentos, tes que entregar unha copia destes documentos.



Se tes un **titor legal ou representante**,  
el é a persoa que autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude  
para consultar os teus documentos.

## INFORME MÉDICO

O informe médico **ten que cubri-lo o teu médico e asinalo.**

O Informe médico recolle  
os teus **datos de saúde**,  
por exemplo as alerxias que tes  
ou as túas enfermidades.

Tamén recolle as axudas que necesitas  
para coidar a túa saúde.

**XUNTA DE GALICIA**  
Consellería de Política Social e Xuventude  
Consellería de Saúde  
Consellería de Benestar Social e Igualdade de Oportunidades

**Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade**  
**Informe médico**  
(emitido polo persoal facultativo de referencia as persoas con discapacidade)

Do/a: \_\_\_\_\_  
coñecido/a en \_\_\_\_\_, que presta os seus servizos no centro \_\_\_\_\_  
de \_\_\_\_\_, con nº de DNI: \_\_\_\_\_

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA CON DISCAPACIDADE**

Apellidos e nome: \_\_\_\_\_  
Número de tarxeta sanitaria: \_\_\_\_\_, grupo sanguíneo: \_\_\_\_\_

**DATOS DE SAÚDE**

- Ten administradas as vacinas regulamentadas? Non  Si
- Ten alerxias? Non  Si  En caso afirmativo, indicar a que: \_\_\_\_\_
- Ten epilepsia? Non  Si  En caso afirmativo, indicar se está controlada: Non  Si
- Ten ausencia e/ou convulsións? Non  Si  En caso afirmativo, indicar con que frecuencia: \_\_\_\_\_
- Ten diabetes? Non  Si  En caso afirmativo, indicar se utiliza insulina: Non  Si
- Toma algún medicamento? Non  Si  En caso afirmativo, indicar de que tipo: \_\_\_\_\_
- En caso de presentar enfermidade transmisible con risco de contacto, indicar que riscos supón e as precaucións se requirían: \_\_\_\_\_
- Ten tratamento farmacolóxico habitual? Non  Si

**TRASTORNOS, ALTERACIÓNS, SÍNDROMES OU ENFERMIDADES**

- Denominación: \_\_\_\_\_  
- Indicar que tipo de patoloxía, limitación e ou necesidades especiais lle ocorran: \_\_\_\_\_

- Indicar que tipo de atencións especiais ou apoio precisa: \_\_\_\_\_

- Achégase informas complementarias? Non  Si

- Outras observacións que considere oportuno realizar: (proceso axudo, hospitalización, centro de tratamento residencial, terapia psicolóxica, etc.): \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

\_\_\_\_\_  
Firma do persoal facultativo e selo da institución sanitaria

Xacobeo 2021





## ONDE DEBES PRESENTAR OS DOCUMENTOS PARA SOLICITAR OS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

Os **documentos** que tes que presentar para pedir un campamento son:

- » A ficha de solicitude
- » O informe médico
- » Outros documentos, por exemplo a copia do carné xove.





Estes documentos teñen que chegar

á **Consellería de Política Social e Xuventude**

Por ese motivo, tes que escribir este enderezo na documentación:

**Consellería de Política Social e Xuventude**

**Dirección Xeral de Persoas con discapacidade**

**Avda Fernando de Casas Novas, 35**

**15781 Santiago de Compostela**

Podes presentar a documentación a través da sede electrónica

da Xunta de Galicia



<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

dirixíndoas á **Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade**

da Consellería de Política Social e Xuventude

No asunto debe indicar "**CAMPAMENTOS DISCAPACIDADE 2024**".





Podes empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola **sede electrónica** da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave **Chave365**

Podes presentar tamén os documentos **en papel** en calquera destes rexistros:

- » Nos rexistros da Xunta de Galicia
- » Nos rexistros dos concellos ou administración do estado
- » Nos rexistros dos organismos públicos de calquera administración
- » Nas oficinas de Correos

Podes consultar na **Lei número 39**

do 1 de outubro do ano 2015

outras formas de presentar a solicitude dos campamentos.



## **CALES SON OS DESCONTOS NO PREZO DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?**

Todos os campamentos teñen o mesmo prezo.  
Cada campamento ten un **prezo de 125 euros**.

A Consellería de Política Social e Xuventude  
informarache de como tes que pagar os 125 euros  
se che dan una praza nun campamento.

Podes ter desconto no prezo do campamento:

- » Se formas parte dunha **familia numerosa**,  
o campamento ten un prezo de 62,50 euros.
- » Se tes o **carné xove**,  
o campamento ten un prezo de 93,75 euros.
- » Se formas parte dunha **familia monoparental**  
o campamento ten un prezo de 62,50 euros.





## Só podes ter 1 desconto.

Para ter o desconto de **familia numerosa**

tes que entregar

unha copia do **certificado de familia numerosa** coa solicitude.

Para ter o desconto polo **carné xove**

tes que entregar

unha **copia do carné xove** coa solicitude.

Para ter o desconto de **familia monoparental**

tes que entregar

unha copia do **certificado de familia monoparental** coa solicitude.



## COMO ELIXE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL AS PERSOAS QUE VAN AOS CAMPAMENTOS?

A Consellería de Política Social e Xuventude ten unhas **normas** para elixir as persoas que van aos campamentos.

A Consellería de Política Social e Xuventude elixe as persoas que van aos campamentos **dependendo de:**

- » **Se participaches outros anos** nun campamento da Consellería de Política Social e Xuventude.
- » **O lugar onde vives.**







Unha persoa **que non foi a campamentos outros anos** ten **máis posibilidades** de ir a unha campamento que unha persoa que xa foi.

Unha persoa **que vive coa súa familia** ten **máis posibilidades** de ir a un campamento que as persoas que non viven coas súas familias.

No caso de 2 solicitudes **empatadas**, será elixida a persoa que presentou antes a solicitude.

A Consellería de Política Social e Xuventude **avísate de se tes praza nun campamento ou non.**



Podes **aceptar a praza** no campamento **ou renunciar** á praza.

Renunciar á praza significa que xa non queres ir ao campamento.

**Para aceptar** a praza tes que cubrir o documento de aceptación de praza.

**Para renunciar** á praza tes que cubrir o documento de renuncia de praza.

Tes **5 días hábiles para aceptar a praza ou renunciar** á praza.

Os días hábiles son todos os días da semana menos o sábado, o domingo e os festivos.

Os 5 días **empezan a contarse**

dende o día no que a Consellería de Política Social e Xuventude che informa de que tes unha praza nun campamento.







## CALES SON AS OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS QUE PARTICIPAN NOS CAMPAMENTOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

- » Tes que **cumprir as normas** do campamento.
- » O primeiro día do campamento o **horario para chegar** ao lugar do campamento é dende as 4 da tarde ata as 7 da tarde.
- » O último día do campamento **o teu pai, nai ou titor legal ten que recollerte** para volver á túa casa.
- » A **viaxe para volver á túa casa** ten que pagala a túa familia.



- » Podes **deixar o campamento** antes de que remate.  
O teu pai, nai ou titor legal ten que asinar un escrito para que poidas deixar o campamento  
Tes que deixar o campamento  
acompañado polo teu pai, nai ou titor legal.
  
- » Tes que deixar o campamento  
**se non cumpres as normas.**  
Tamén tes que deixar o campamento  
**se tes problemas coas actividades  
ou cos teus compañeiros.**
  
- » Nestes casos tamén tes que deixar o campamento  
**acompañado polo teu pai, nai ou titor legal.**





## CANDO CHE DEVOLVEN OS CARTOS DO CAMPAMENTO?

Cando **deixas o campamento antes de que remate**, tes que **pagar igual o prezo total** do campamento a non ser que teña pasado máis da metade .

A Consellería de Política Social e Xuventude **devólveche os cartos** do campamento se o campamento non se fai.

A Consellería de Política Social devólveche os cartos **se decides non ir ao campamento e avisas con tempo**.

Tes que presentar **unha solicitude** na Consellería de Política Social e Xuventude **pedindo os cartos do campamento**.



Tes que entregar esta solicitude polo menos **7 días antes de que empece o campamento.**

A Consellería de Política Social e Xuventude **non che devolve os cartos se faltan menos de 7 días** para que empece o campamento.

A Consellería de Política Social e Xuventude **devólveche os cartos** no caso de **ingreso nun hospital, causa médica grave ou se contraes COVID-19** tes que entregar un **informe médico** ou do hospital ou a **certificación do resultado da proba** do COVID-19.

A Consellería de Política Social e Xuventude **devólveche os cartos** no caso de **falecemento ou enfermidade grave** dun familiar ata o 2º grao Tes que entregar un **informe médico** ou do hospital ou o **certificado de defunción.**





## ONDE PODES ATOPAR MÁIS INFORMACIÓN SOBRE OS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

No **Servizo de Programas para a Discapacidade  
da Xunta de Galicia**

danche información sobre como pedir os campamentos de verán  
para persoas con discapacidade.

Este é o seu **correo electrónico**: [programas.discapacidade@xunta.gal](mailto:programas.discapacidade@xunta.gal)

Estes son os seus teléfonos:

» **981 54 73 99**

» **981 54 46 40**

Podes pedir información xeral sobre os campamentos  
no teléfono social:

» **900 333 666**

Este teléfono é **gratis**.





Podes pedir información sobre os campamentos nos concellos, nos centros de saúde e nas oficinas de Xuventude e Voluntariado.

Tamén podes pedir información sobre os campamentos nas oficinas da Xunta de Galicia de Dependencia e Autonomía Persoal de cada provincia.

Estes son os enderezos e os teléfonos:

### **A Coruña**

Rúa Concepción Arenal, número 7-9 - 15006 A Coruña.

Teléfono 881 881 528.

### **Lugo**

Rúa Serra de Ancares, número 68 baixo – 27003 Lugo.

Teléfono 982 889 132.





## **Ourense**

Rúa Sáenz Díez, número 33 - 32003 Ourense.

Teléfono 988 386 928

## **Vigo**

Rúa Concepción Arenal, número 8, Primeiro andar - 36201 Vigo.

Teléfono 886 218 265



XUNTA  
DE GALICIA